



ASUNTO: INFORME SOBRE AS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS PROPOSTAS PARA A SÚA INCORPORACIÓN Ó ORZAMENTO DA CONCELLERÍA DE DEPORTES PARA O ANO 2026.

INFORME SERVIZO DE DEPORTES:

O desenvolvemento da actividade deportiva na cidade de Vigo está profundamente ligado á actividade desenvolta polo tecido asociativo-deportivo existente. Este tecido asociativo-deportivo, composto por entidades sen ánimo de lucro nun porcentaxe moi significativo, desenvolve actuacións de diversa índole no ámbito da actividade deportiva cuxos obxectivos coinciden cos obxectivos do Concello de Vigo en materia deportiva.

Esta coincidencia de obxectivos deriva nunha colaboración constante entre as entidades deportivas como dinamizadoras de proxectos deportivos cun alto interese xeral para Concello de Vigo, xa que este ten atribuída, polo artigo 25.2.1 da lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Tendo en conta o que vai dito, o servizo de deportes desenvolve anualmente unha importante liña estratéxica vinculada directamente co ámbito subvencional, que ten como obxectivo básico impulsar a participación das entidades da cidade nas competicións das máximas categorías a nivel nacional como parte fundamental dos obxectivos do Concello de Vigo como administración dinamizadora da sociedade viguesa. Estas competicións de alto nivel, supoñen un escaparate para a cidade de Vigo, que mantén un significativo volume de entidades desenvolvendo proxectos na élite nacional.

Estas competicións de alto nivel, atraen a atención mediática e social que outorga un carácter diferenciador ás mesmas, cun retorno económico que desde o servizo de deportes se estima suficientemente avalado, xa que permite converter a Vigo situarse nos canles de información a nivel nacional ós que acceden desde toda a xeografía nacional.

As entidades que lideran estas competicións, dinamizan proxectos de gran envergadura, con orzamentos de gastos moi significativos e que requiren un nivel de planificación elevado. Estas cuestións conlevan a necesidade de prever os recursos económicos concretos que o Concello de Vigo destinará a coadxuvar ao financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento destes proxectos, tendo en conta ademais que estas entidades dinamizan proxectos cun carácter diferenciador con respecto ó resto de entidades da cidade, entendéndose que de optar por un procedemento de concorrência competitiva, as entidades beneficiarias serían as mesmas que as propostas, xa que estas son as únicas entidades da cidade que reúnen os requisitos para ser consideradas entidades de elite na cidade de Vigo.

Por outra banda, entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda á consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

O compoñente social e o valor promocional diferencial que supón a celebración de grandes eventos deportivos permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer ó público as posibilidades de organización destes eventos deportivos, tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa presenza mediática, seguimentos e visualizacións en streaming, enlaces webs, redes sociais.

A dinamización de grandes proxectos deportivos na cidade, de carácter exclusivo e diferenciador, converte ademais a Vigo durante a súa celebración no centro de atención no ámbito do deporte.

En concreto, desde o servizo de deportes propónse o desenvolvemento das seguintes liñas de axudas en forma de subvencións nominativas, tendo en conta que as entidades propostas cumpren cos criterios descritos nos antecedentes.

O Plan estratéxico establece no seu apartado VII, ámbito temporal, que “non será necesaria a modificación dos PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:49	Páxina 1 de 3
97-142	CSV: A3A5DF-BCDB2H-4F268D-7ZEMDC-UVSGC2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.

- Entidades que compiten nas competicións de ámbito nacional de alto nivel: No plan estratéxico de subvencións do Concello de Vigo aprobado pola XGL do 8 de marzo de 2024, establece, no apartado 4.5 da liña estratéxica 4 (Fomento de actividades sociais), o fomento do Deporte. Nesta liña inclúense, entre outras actuacións, a promoción do deporte de elite a través do apoio ás entidades que participan nas máis altas categorías do deporte nacional. Esta participación, depende directamente dos resultados deportivos que anualmente conseguen cada unha das entidades, o que motiva a posibilidade de que o listado de entidades poda verse modificado sen que esta cuestión afecte ó obxecto global da liña estratéxica. Polo tanto, atendendo ós resultados obtidos polas entidades incluídas no listado de entidades beneficiarias de subvencións nominativas propostas neste apartado no ano 2025, tendo en consideración ós ascensos e descensos de categoría acadados polas propias entidades da cidade, e entendendo que esta cuestión non afecta á liña estratéxica, propónse excluír á entidade Club Deportivo AMFIV (G36711380) da proposta de subvencións nominativas do ano 2026 por ter perdida a condición que lles permitía ser considerada entidade de elite, ao ter perdida a categoría. Esta entidade, poderá solicitar, e no seu caso obter, a subvención que lle corresponda no marco da convocatoria Xeral de subvencións a entidades deportivas da cidade de Vigo que se tramita anualmente desde o servizo de deportes. Da mesma forma, propónse a inclusión das entidades deportivas Traviesas Hockey Club (G36680239) e Club Escola Rosalía (G27827856) xa que ambas pasaron a cumprir a condición necesaria para ser consideradas entidades de elite ao ter ascendido de categoría e pasar a competir no alto nivel.

	Entidade	Categoría	CIF	Importe 2026	Importe 2025	APLIC. ORZ.
1	Club Atletismo Fem. Celta	2ª	G36927689	25.000,00€	25.000,00€	3410.4890003
2	RC Celta atletismo	2ª	G36945319	25.000,00€	25.000,00€	3410.4890004
3	CD Bosco	2ª	G36692317	127.750,00€	170.000,00€	3410.4890005
4	Club Vigo Voleibol	2ª	G36658219	60.000,00€	60.000,00€	3410.4890010
5	Coruxo F.C.	4ª	G36708212	160.000,00€	160.000,00€	3410.4890017
6	AD Carballal	2ª	G36686376	40.000,00€	40.000,00€	3410.4800003
7	Trasnos Béisbol Club	2ª	G27750645	18.000,00€	18.000,00€	3410.4890012
8	Bembrive F. Sala	2ª	G36886422	40.000,00€	40.000,00€	3410.4890016
9	Club Ciclista Rías Baixas	1ª	G36842946	30.000,00€	25.000,00€	3410.4800004
10	Illas Cies Tenis de mesa	2ª	G27849090	15.000,00€	12.000,00€	3410.4800002
11	Traviesas Hockey Club	2ª	G36680239	25.000,00€	20.710,06€	3410.4890018
12	Club Escola Rosalía	2ª	G27827856	12.000,00€	7.100,59€	3410.4890019

- Eventos deportivos de alta repercusión e interese público:

EVENTO	ENTIDADE ORGANIZADORA	CIF	IMPORTE 2026	IMPORTE 2025	APLIC. ORZ
Rallye Rías Baixas	Escudería Rías Baixas	G36645398	50.000,00€	40.000,00€	3410.4800005
Torneo Nadal cidade de Vigo fútbol Base	AFAVI	G36998227	20.000,00€	12.000,00€	3410.4800008
Copa Vigo de Fútbol.	Federación Galega de Fútbol	G15055890	6.000,00€	6.000,00€	3410.4800012
Programa de dinamización atletismo pista: Series Municipais, GP Cidade de Vigo	Federación Galega Atletismo	G15103500	15.000,00€	15.000,00€	3410.4800017
San Silvestre	Federación Galega Atletismo	G15103500	30.000,00€	30.000,00€	3410.4800015
O Marisqueño 2024	Ulyses Proyect	B36957132	1.342.000,00€	1.342.000,00€	3410.4700002



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:49	Páxina 2 de 3
97-142	CSV: A3A5DF-BCDB2H-4F268D-7ZEMDC-UVSGC2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Subvención Mellora de instalacións deportivas Universidade de Vigo. 1ª Fase:

ENTIDADE	CIF	IMPORTE 2026	IMPORTE 2025	APLIC. ORZ
Universidade de Vigo	Q8650002B	200.000,00€	0,00€	320.7780010

A Universidade de Vigo, no campus da cidade de Vigo, acolle cada curso a máis de 15.000 alumnos e alumnas. En liña cos obxectivos do Concello de Vigo, a Universidade impulsa a través de diferentes programas deportivos a dinamización da práctica deportiva, fundamentalmente orientada á saúde, aínda que tamén de competición. Para esta dinamización, a entidade conta con diferentes instalacións deportivas, entre as que se atopan unha piscina, campos de fútbol 7, un campo de rugby, un pavillón polideportivo, unha pista de atletismo, un rocódromo, pistas de tenis, etc. Nestas instalacións, practican deporte miles de estudantes da cidade, que se benefician destas infraestruturas, o que supón un beneficio directo para Vigo, xa que completan a oferta de espazos e instalacións deportivas da cidade en liña coa promoción do deporte e multiplicando o impacto das políticas públicas fomentadas dende o Concello de Vigo, posicionando á cidade como referente no ámbito do deporte universitario, proxectando unha imaxe de Vigo como cidade universitaria de referencia, fomentando a vida activa da poboación universitaria, reducindo o nivel de sedentarismo dos e das xóvenes universitarios e proxectando beneficios tanxibles sobre a saúde pública.

- Transferencia de financiamento á Fundación Vide:

ENTIDADE	CIF	IMPORTE 2026	IMPORTE 2025	APLIC. ORZ
Fundación Vigo en deporte	G36894020	150.000,00€	125.000,00€	3410.4890002

A Fundación Vide, dinamiza e coordina un proxecto deportivo na cidade de Vigo orientado ó fomento, difusión e promoción do deporte na cidade de Vigo que, pola súa envergadura e carácter diferenciador o converte nun proxecto único. A Fundación Vide, como axente impulsor do deporte na cidade, colabora cos axentes dinamizadores do feito deportivo e fomenta e lidera accións dirixidas a potenciar a participación da poboación da cidade de Vigo no ámbito do deporte a través do desenvolvemento de estratexias e programas deportivos que alcanzan unha repercusión directa a mais de 20.000 persoas. Entre as actuacións e programas destacan por unha banda aquelas dirixidas a fomentar a práctica deportiva entre a cidadanía de Vigo, cun altísimo grado de impacto a nivel local, e outros que, polo seu carácter expansivo alcanzan o ámbito nacional e incluso internacional, o que supón unha ferramenta que pode considerarse moi valiosa en relación á repercusión positiva no ámbito da hostalería e o comercio da cidade e que diferencia o programa de calquera iniciativa no ámbito de Vigo, permitindo un impulso á promoción económica e social desde o prisma deportivo, convertendo este proxecto nun axente único de promoción da cidade de Vigo.

Vigo, na data da sinatura dixital
O Xefe do servizo de deportes-director deportivo. Rubén Peña Barceló
Conforme, O Concelleiro-delegado de Deportes.-José Manuel Fernández Pérez. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024, BOP nº 134 do 10.07.24)
Conforme, o segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. Javier Pardo Espiñeira (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024, BOP nº 134 do 10.07.24)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:49	Páxina 3 de 3
97-142	CSV: A3A5DF-BCDB2H-4F268D-7ZEMDC-UVSGC2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		